

A PANADARÍA

PRESENTA

ELISA E MARCELA



Historia que parece conto



Premios de Teatro
MARÍA CASARES
MELLOR ESPECTÁCULO
2018






ELISA E MARCELA, 1901. A CORUÑA
Fotografía de José Sellier.



A PANADARÍA, 2017.
Versión de Pilar Abades.



A HISTORIA

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar ao cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convírtenas no primeiro matrimoniolésbico do que temos constancia en todo o Estado mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da Historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellaslésbicas.

Foi na Escola Normal de mestras da Coruña onde Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga se coñeceron, a mediados de 1880. Durante esa época foron establecendo unha amizade que deseguida se converteu en amor. Comezan a traballar en distintas escolas dos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbría tentando sempre estar o máis preto posible e poder así vivir xuntas. No ano 1901 Elisa marcha á Coruña para converterse en Mario, corta o pelo, viste roupa de home, fuma e deixa medrar o bigote. En pouco tempo consegue enganar ao párroco Víctor Cortiella para que a bautice como Mario e, a continuación, arranxa todo para a voda, que se celebrará o 8 de xuño.

Xa casadas, deciden volver a Dumbría, pero o engano é descuberto na vila e comezan a ser acosadas e perseguidas polo pobo e as autoridades. Deben fuxir a Oporto onde retoman a súa convivencia pero a xustiza e policía dan con elas axiña. Son detidas e encarceradas no Aljube de Oporto.

Avivados pola grande expectación, todos os xornais galegos e portugueses, difunden novas do “matrimonio sen home” e publican notas humorísticas e sarcásticas. Mais son tamén incontables as mostras de apoio e solidariedade durante o tempo que pasan na cadea.

En xaneiro de 1902 apróbase a extradición e Elisa e Marcela volven fuxir, desta vez, cara Buenos Aires. A partir de aí, son moitas as incognitas que rodean a vida de Elisa e Marcela.

A acta de matrimonio de Elisa e Marcela é, aínda hoxe, válida pois nin a Igrexa nin o Rexistro Civil anularon este documento de voda.



UN ESPECTÁCULO NECESARIO

"NON PODE HABER MATRIMONIO SEN HOME,
COMO NON PODE HABER EMPANADA DE PERDIZ,
SEN PERDIZ"

Ervija. El Diario de Pontevedra, 1901

"O MATRIMONIO HOMOSEXUAL É COMO
A UNIÓN ENTRE UN CAÑ E UNHA SEÑORA
OU UNHA SEÑORA E UN DELFÍN"

Montserrat Nebrera. 2006

Elisa e Marcela é a primeira montaxe teatral da historia do Teatro Galego en abordar a temática lésbica de forma explícita e protagonista e o primeiro tamén en poñer a historia de estas dúas mulleres sobre as táboas.

O espectáculo, unha coprodución d'A Panadaria co Centro Dramático Galego, Concello da Coruña, Concello de Vimianzo e Concello de Rianxo é unha iniciativa artística que pretende reivindicar a figura destas dúas mulleres e a necesidade da defensa da liberdade e diversidade sexual.

Para que no 2017 deixemos de facernos empanadas e mesturas animais, para que celebremos as nosas diferenzas e os amores en igualdade sexan referente, precisamos de Elisa e Marcela.



UNHA COMEDIA
MUSICAL



DURACIÓN:
1h15min

PÚBLICO:
Maiores 12



SINOPSE

Año 1901, A Coruña. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas.

As cómicas d'A Panadaría presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real. Unha comedia musical onde o verídico parece invento.

Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

○ A CRÍTICA ○

"UN CANTO AO AMOR VALENTE E, ASEMADE, UNHA HOMENAXE
E UNHA REIVINDICACIÓN"

Afonso Becerra. Artezblai ([ler máis](#))

.....

"SEN DÚBIDA, UNHA DAS GRANDES TRIUNFADORAS DA TEMPORADA"

Antón Iopo. Diario Cultural ([ler máis](#))

.....

"SON MOITAS AS HABILIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS, MOITA A INTELIXENCIA E A INVENTIVA,
MOITA A GRACIA QUE DESBORDAN, MOITA A DESMITIFICACIÓN QUE LEVAN A CABO [...]"

"FAN CON MESTRÍA UN EXERCICIO EMANCIPADOR, UN DIVERTIDO ACTO POLÍTICO"

María Xosé Queizán. PrazaGal ([ler máis](#))

.....

"UNHA COMEDIA IMPRESIONANTE, CUNHA ESTRUTURA E RITMOS TREPIDANTES
QUE DESTILA VIRTUOSISMO"

Iaura Porto. Revista Galega de Teatro. ([ler máis](#))

.....

"FACÉNDONOS CHORAR DA RISA, CHEGA TAMÉN DIRECTA Á BOCA
DO ESTÓMAGO PARA NOS REVOLVER"

Iara Rozado. A Segá ([ler máis](#))

.....

"ÉXITO DESBORDANTE DUN ESPECTÁCULO TRANSGRESOR"

J.A. Martínez Sevilla. El Ideal Gallego ([ler máis](#))

.....

"PURO TEATRO"

Jose An. Montero. Revista Espacior ([ler máis](#))



A PANADARÍA

A Compañía

O nome da compañía fai referencia a un oficio artesán que proporciona alimento con elementos básicos. Por iso, o teatro de A panadaría ispe o escenario para poñer no centro da súa proposta ás súas actrices creadoras. Fundada por Areta Bolado, Ailén Kendelman e Noelia Castro, é unha das compañías referentes da nova fornada do Teatro Galego.

Nace en 2013, recibindo axiña varios recoñecementos, entre eles o Premio da Crítica Galicia no ano 2015 pola súa montaxe PAN!PAN! Os seus espectáculos apostan polo humor, a música e o xogo cos códigos teatrais. Alén disto, a compañía tamén é coñecida polo seu compromiso e ollada feminista, presente sempre nas súas propostas. Como parte da súa reivindicación en materia de igualdade, en Elisa e Marcela volven apostar por un equipo artístico e técnico conformado integramente por mulleres. Con esta montaxe reciben 4 premios María Casares, entre os que se atopa Mellor Espectáculo; o premio Lúisa Villalta para Iniciativas Culturais pola Igualdade e o XIV Premio LGBT Marcela e Elisa do Colectivo ALAS.

A panadaría é, en palabras da crítica, unha compañía que “terá moito que dicir no teatro galego do futuro”.

- ☼ PREMIO XUVENTUDE CREA 2013
- ☼ PREMIO CRÍTICA GALICIA 2015
- ☼ PREMIO MARÍA CASARES
MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA 2015
- ☼ PREMIO IGUALDADE LÚISA VILLALTA 2017
- ☼ XIV PREMIO LGBT MARCELA E
ELISA COLECTIVO ALAS 2018
- ☼ PREMIO MARÍA CASARES
MELLOR ESPECTÁCULO 2018
- ☼ PREMIO MARÍA CASARES
MELLOR DIRECCIÓN 2018
- ☼ PREMIO MARÍA CASARES
MELLOR TEXTO ORIGINAL 2018
- ☼ PREMIO MARÍA CASARES
MELLOR ACTRIZ PROTAGONISTA 2018



ARETA
BOLADO

Areta Bolado. O Porriño, 1985. Actriz e dramaturga. Licenciada en Interpretación Textual (ESAD-G), Especialista en Dobraxe (UVigo) e Diplomada en Maxisterio (Uvigo). Con PAN!PAN! gaña o Premio María Casares 2015 a Mellor Actriz Secundaria e, ao ano seguinte, é finalista na categoría de Mellor Texto Orixinal por Panamericana. Ten experiencia como actriz en locucións, televisión e teatro. Traballa coas compañías Nasdrovia Teatro, Lagartijas Tiradas al Sol, Anómico Teatro, Aporía Escénica ou Voadora. É a directora de escena do conxunto Áureas, Premio Marfín Códax 2017. Este ano recibe o premio a Mellor Actriz Proganista nos Premios María Casares por Elisa e Marcela.



NOELIA
CASTRO

Noelia Castro. Bellinzona, 1988. Actriz e deseñadora gráfica. Licenciada en Interpretación Textual (ESAD-G) e Técnica Superior en Gráfica Publicitaria (Aula D, Vigo). Deseñadora gráfica dos V Premios Marfín Códax da Música 2018. O seu proxecto fotográfico Pílara, a muller que vive coa miña avoa foi Mención de Honra en Proxecto Edición de Copias de Autor e atópase en proceso de edición. Como actriz, traballa con Teatro Yeses (grupo teatral do cárcere de mulleres de Yaserías), Art-Monium, Julio Fernández DAX-31, Aporía Escénica ou Inversa Teatro. Ten formación en commedia dell'arte, loita escénica, viewpoints, técnica de composición ou Lecoq.



AILÉN
KENDELMAN

Ailén Kendelman. Buenos Aires, 1989. Compositora e actriz. Licenciada en Interpretación Xestual (ESAD-G), Grao Medio de Percusión (CMus Vigo) e estudos de violín. Ten experiencia e formación en percusión clásica, corporal e folclore galego, andaluz e latinoamericano. Funda o Trío Canyengue (2009) e o conxunto Áureas (Premio Marfín Códax 2017). Como actriz traballa para Aporía Escénica, Maja Bajevic ou CDG. É a compositora da música de A Panadaría, pola que foi nomeada aos Premios María Casares 2015 (PAN!PAN!) e 2018 (Elisa e Marcela). A SGAE a sitúa como unha das principais representantes do 6% de compositoras para teatro de todo o estado español.



GENA
BAAMONDE

Gena Baamonde. (Santa Uxía de Ribeira, 1970). Directora, actriz e investigadora. Titulada en dirección de escena (ESAD-G), Posgrao e Mestrado en Arte Dramática (UVigo).

É investigadora predoutoral da Universidade de Vigo. Actualmente desenvolve a súa tese “Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea” na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Forma parte, durante anos, de Malarile Teatro, do equipo do Teatro Galán e da organización do festival En Pé de Pedra. Dirixe e realiza asistencias en dirección e dramaturxia para o Centro Dramático Galego, Factoría, Disque danza, A Artística e Voadora. Coa súa compañía María a Parva dirixe e escribe os espectáculos Mullerona, Xogo para Nenas e Indignos (Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista). No 2018 gaña o Premio María Casares a Mellor Dirección por Elisa e Marcela.

A PANADARÍA

PRESENTA

ELISA E MARCELA

Historia que parece conto



Equipo:

Creación e Interpretación AIRETA BOLADO
NOELIA CASTRO
AILEN KENDELMAN

Dirección GENA BAAMONDE

Texto A PANADARÍA
GENA BAAMONDE

Música Orixinal AILEN KENDELMAN

Iluminación LAURA ITURRALDE
MONTSE PIÑEIRO

Vestuario FANIBELL

Deseño Soporte BEATRIZ DE VEGA

Construción Soporte e Tea CDG

Imaxe Gráfica NOELIA CASTRO

Fotografía PILAR ABADES

Video ALEX PENABADE

Aesoria en Canto MARIÓN SARMIENTO

Produción AILEN KENDELMAN

Axudantía Producción LIZA G. SUÁREZ

ELISA E MARCELA



CONTACTA

TELÉFONO

650454549 - Areta Bolado
626700444 - Ailén Kendelman

MAIL

apanadaria@hotmail.com

WEB

www.apanadaria.es



A panadaria

A PANADARÍA

COPRODUCEN:

